

PROPOSTA DE CCOO SOBRE CÓMPUTO DE XORNADA NOS PAC

CCOO propón un sistema claro e transparente para o cómputo de xornada nos PAC, baseado nunha **carteleira anual de 1.504 horas** (1.340 horas de xornada ordinaria + 122 horas de vacacións + 42 horas de días de libre disposición), **con 126 horas ao mes** e o máis axustado posible a 126 horas.

CARTELEIRAS

- Persoal **sen voluntariedade**: carteleira anual de **1.504 horas (126 horas ao mes)**.
- Persoal **con voluntariedade**: carteleira anual de **1.504 horas + xornada voluntaria** (complementaria) que cada profesional decida realizar, reflectida en FIDES, **DIFERENCIANDO CON CARTELEIRAS DISTINTAS A XORNADA ORDINARIA DA XORNADA COMPLEMENTARIA**.

XORNADA COMPLEMENTARIA

- Só para o persoal que **asinou a voluntariedade**.
- O persoal sen voluntariedade xerará **exceso de xornada** se supera as 1.504 horas.

LIQUIDACIÓNS

- **Mensual**: pagamento da xornada complementaria realizada o **mes anterior** ao **persoal con voluntariedade**.
- **Anual**: pagamento do **exceso de xornada** xerado, **tanto para persoal con voluntariedade coma sen ela**.

CÓMPUTO DE PERMISOS

- **Os permisos descontaranse da xornada ordinaria**.
- **Permisos retribuídos e IT**: computarán como traballados, sobre a xornada ordinaria, ata **125,33 horas/mes completo** ou **1.340 horas/ano completo** (carteleiras de 126 horas).
- **Vacións e días de libre disposición trasladados do ano anterior** computarán como traballadas ata **122 horas** e **42 horas** respectivamente.

Esta proposta de CCOO busca **claridade nas carteleiras, voluntariedade real na xornada complementaria e pagamento de todo o exceso de xornada realizado polos profesionais**.

Para máis información, acode á túa sección sindical de CCOO

18 de marzo do 2026